

ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

Hotel Nuevo Astur & Spa 3* (Sanxenxo)

Hotel Carlos I Silgar 4* (Sanxenxo)

Gran Talaso Hotel Sanxenxo 4* (Sanxenxo)

Disponible unicamente cuarto dobre
con cama supletoria para menores de 12 anos

Hotel Spa Nanín Playa 3* (Sanxenxo)

Hotel Spa Bosque Mar 3* (O Grove)

Hotel Castro do Balneario 4* (Cuntis)

Hotel Bienestar Moaña 4* (Moaña)

Hotel Coia 4* (Vigo)

Hotel Sercotel Tres Luces 3* (Vigo)

Hotel Pazo O Rial 4* (Vilagarcía de Arousa)

Hotel Val Convention 3* (Nigrán)

Hotel Restaurante Pontañas 3* (Lalín)

PREZOS

Persoas adultas e maiores de 12 anos 42,80 €

Menores de 3 a 12 anos 21,40 €

Menores de 0 a 2 anos 0 €

Prazas reservadas para persoas
perceptoras da RISGA ou do IMV 0 €

ABERTO O PRAZO DE INSCRICIÓN

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Servizo de Benestar Social
Avda. de Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra
Tel. 986 804 100

ORGANIZACIÓN TÉCNICA DE HALCÓN VIAJES
Avda. da Gran Vía, 35, 36204 Vigo
Tel. 986 431 433

Máis información en www.depo.gal
ou no tel. 986 804 100



Lecer en
familia
2026

PROGRAMA DE
CONVIVENCIA
E OCIO



QUE OFERTA?

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou *spa*, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

O paquete comprende:

- ◆ A estancia en media pensión (almorzo tipo bufete e cea con dous pratos e sobremesa, incluídas as bebidas non alcohólicas, e menú infantil para menores de 3 a 12 anos, estes incluídos).
- ◆ Dúas actividades de animación socio-cultural.
- ◆ Agasallo serigrafiado.

QUEN PODE PARTICIPAR?

Persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

Os membros da unidade familiar que desexen participar deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroados no mesmo domicilio. Excepción o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal.

As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- ◆ Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- ◆ Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- ◆ Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.
- ◆ No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados necesarios.

PRAZO E LUGAR PARA PRESENTAR AS SOLICITUDES

Do 1 ao 15 de abril de 2026

Presentarase unha única solicitude por unidade familiar.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado. Opcionalmente, a presentación poderase realizar de maneira presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

PRAZAS

As 2.957 prazas ofertadas estarán repartidas nas seguintes modalidades:

- ◆ **2.907 de réxime xeral:** a Deputación subvencionará 60 € do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 € para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). Para as e os menores de 0 a 2 anos será de balde.
- ◆ **50 de réxime especial:** a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adjudicación.

* Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV). Se non se cubren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.